

**NARÓN****Datos Do Expediente:**

PLENO	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/PLE/4/2024	GOB18I0BK
0R02415H69316W5E119KD »	
2 0R02415H69316W5E119KD »	

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO E URXENTE O DOCE DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CATRO

SRES/AS ASISTENTES:**SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:**D/D^a MARIAN FERREIRO DIAZ**SRES/AS CONCELEIROS/AS:**

D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ
D/D^a NATALIA HERMIDA RICO
D/D^a JUAN PABLO MAURIZ ROMERO
D/D^a JOSE IBAN SANTALLA BORREIROS
D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO
D/D^a OLGA AMENEIRO LOPEZ
D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL
D/D^a JOSE OREONA BRA
D/D^a MARIA DEL CARMEN LORENZO TOJEIRO
D/D^a GERMAN CASTRILLON PERMUY
D/D^a TANIA NOVO MOURIZ
D/D^a NURIA YAÑEZ FREIRE
D/D^a PEDRO PORTELA PARGA
D/D^a GONZALO IGLESIAS BLANCO
D/D^a ANA VANESA BOUZAMAYOR VILLASUSO
D/D^a OLAIA MARGARITA LEDO DIAZ
D/D^a EUGENIO CARBALLEIRA LOPEZ
D/D^a BEATRIZ MOSQUERA PUENTES
D/D^a JORGE ULLA ROCHA
D/D^a SILVIA MARIA DE ARRIBA FERNANDEZ

SRA. INTERVENTORA XERAL:D/D^a MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ**SR. SECRETARIO XERAL:**D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI

Na casa do Concello de Narón, ás 09:00 do doce de abril de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión extraordinaria e urxente. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

En virtude da normativa de réxime local de aplicación convócase esta sesión plenaria con este carácter motivada pola necesidade urxente de contar cun orzamento en vigor canto antes para poder facer fronte aos compromisos esixibles con terceiros derivados dos contratos en vigor e para

poder seguir repostando ás necesidades e demandas da veciñanza de Narón dando cobertura orzamentaria a todos os servizos que se están a prestar.

O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a ratificación da urxencia desta sesión.

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP:

1ª EMENDA:

O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, con DNI 32.626.020-Z, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao pleno, a seguinte.

EMENDA QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR AO PROXECTO DE ORZAMENTOS DO CONCELLO DE NARÓN PARA 2024 PARA O SEU DEBATE E DELIBERACIÓN NO PLENO

O grupo municipal do Partido Popular presenta unha emenda ao proxecto de orzamentos para 2024 que tenta paliar un documento claramente insuficiente no que se refire ao desenvolvemento dos programas de atención ás persoas con discapacidade, especificamente pensando nas persoas xordas, colectivo polo que xa se interesara o noso grupo político.

O documento que nos foi presentado mantén unha inercia que non ofrece alternativas diferentes ao que xa se está a facer e tampouco afonda nas necesidades das asociacións, colectivos e persoas, nalgúns casos tratándose de necesidades claramente perentorias.

Dende o Partido Popular de Narón consideramos necesario corrixir un documento como o orzamento municipal que non recolle unha cantidade axeitada para a partida referida a Acción Social o que non beneficia á cidadanía con necesidades, que deberían ser os seus principais destinatarios.

A nosa proposta de emenda pretende dar solución a un problema que dende o goberno local non se ten resolto e que se refire ás necesidades das persoas xordas. A Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra traballa para mellorar a calidade de vida das persoas xordas, mediante accións orientadas a fomentar, dunha banda, o empoderamento social das persoas xordas, dándolles visibilidade e presenza na sociedade, fomentando a súa participación na vida pública nun proceso multidimensional, que inclúe a familia, o grupo, a comunidade, a organización social e as institucións públicas e privadas.

Doutra banda, trata de fomentar o empoderamento psicolóxico a través de accións e actividades que melloren a autopercepción das persoas respecto das propias capacidades, que creen vínculos entre as persoas xordas e a súa contorna inmediata e faciliten o desenvolvemento persoal, de xeito que se evite o illamento social.

Por este motivo:

Propoñemos un incremento de CINCO MIL (5000) EUROS na partida de Acción Social correspondente ao programa 2312, económica 48000.

Para financeira, propoñemos unha baixa de CINCO MIL (5000) EUROS na partida de Cultura Padroado de Cultura correspondente ao programa 3340, económica 41000.

Narón, 12 de abril de 2024

Germán Castrillón Permuy

Voceiro do grupo municipal do Partido Popular

2ª EMENDA PRESENTADA POLO PP:

O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, con DNI 32.626.020-Z, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao pleno, a seguinte.



EMENDA QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR AO PROXECTO DE ORZAMENTOS DO CONCELLO DE NARÓN PARA O ANO 2024 PARA O SEU DEBATE E DELIBERACIÓN NO PLENO.

O grupo popular presenta unha emenda ao proxecto de orzamentos para 2024. A emenda que tentan paliar un proxecto orzamentario insuficiente non servizo de “MADRUGADORES” para os colexios públicos do concello de Narón e dar alternativas as familias que necesiten de dito servizo.

Desde o Partido Popular de Narón consideramos que é esencial e prioritario corrixir un orzamento que de partida non esta atendendo unha demanda que as ANPAS dos colexios públicos veñen demandando desde fai algún tempo. A nosa proposta de emenda pretende achegar solucións a problemas que o goberno local, non resolve co seu proxecto, e que a título enunciativo e non exhaustivo é o seguinte:

1.- Servizo de Madrugadores nos Colexios públicos de Narón.

Posta en marcha do servizo de MADRUGADORES xestionado desde o Concello como servizo de conciliación nos colexios públicos de Narón.

Na actualidade o servizo se esta xestionando polas Anpas, Por distintos motivos as ANPAS nestes momentos non esta en disposición de seguir xestionando este servizo, polo que consideramos que o Concello débese de facer cargo do devandito servizo para que as familias teña a posibilidade de seguir accedendo a conciliar indistintamente do colexio que leve os fillos.

Por este motivo:

Propoñemos un incremento de CUARENTA E TRES (43.000) EUROS NA partida de Servizos Complementarios de Educación Correspondente ao programa 3260 Económica 48000 para financeira, propoñemos una baixa de CUARENTA E TRES MIL (43.000) EUROS na partida de Cultura Padroado de Cultura correspondente a Programa 3340 económica 41000.

A nosa emenda é unha proposta positiva dirixida ao programa de madrugadores para que o Concello poida dispoñer de fondos para poder xestionalos.

Narón, 12 de abril de 2024

Germán Castrillón Permuy

Voceiro do grupo municipal do Partido Popular

INTERVENCIONS SOBRE AS EMENDAS:

-Sra. Alcaldesa: había onte presentadas dúas emendas e entendo que as que se presentan hoxe substitúen ás de onte. As de onte sí que deu tempo a que estivesen informadas por Intervención que era neste caso a quen correspondía; neste caso se acaban de presentar agora mesmo e non. Sí que agradeceríamos, máis que nada polo bo funcionamento deste concello e deste pleno, non deixe para ultimísima hora presentar algo así a un orzamento cando o ten enriba da súa mesa dende hai 2 meses.

E sobre eso, queríamos intervir agora, facer unha rolda de intervencións e decirlle tamén que nós adquirimos un compromiso tamén de facer un estudio de custos e incorporar unha modificación de crédito e de canto sería o custo do servizo de madrugadores ou algo similar.

E é verdade que a día de hoxe na Xunta de Portavoces eu adquirín ese compromiso, de facer ese estudio. Entón con respecto a eso pasamos a facer sobre as emendas unha rolda de intervencións.

-Sr. Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Bos días a todas e a todos.

Presentamos esas emendas hoxe pola mañá porque nos chegou o informe a esa mesma hora. Entonces como nos chegou ese informe e di que xa se utilizaron, xa.....

-Sra.alcaldesa: só unha cousa, por corrixir eh. Llo entregamos onte pola tarde.

-Continúa o Sr.Castrillón Permuy: vale correcto. Eu o recibín hoxe pola mañá. Vostede perdoe, pero entonces foi problema noso de comunicación. Pero oie, disculpas.

-Sra.alcaldesa: só unha cousa e xa lle deixo. Se vostede presenta unhas emendas ao que presentou onte, como comprenderá aquí os servizos técnicos teñen algo máis que facer que inmediatamente poñerse e foi o que fixeron, pero o tempo é o que é.

-Sr.Castrillón Permy: bueno, de todas formas aínda que o recibira onte pola tarde non podería rexistralo ata hoxe pola mañá. Entendemos que na modificación que facemos, pois hai partida suficiente da partida que propoñemos que se retire que é a partida do Pazo de Cultura onde se aportan máis de 1.900.000 euros; polo tanto, creo que as dúas partidas que solicitamos que son 43000 e 5000 serían suficientes.... Podería facerse ese cambio sen ningún tipo de motivos e polo tanto.... Hai outra cousa que nos preocupa e entendemos efectivamente que xa hai uns gastos xenerados nesas partidas, é certo que non haberá suficiente partida pero tamén nos sorprende que a día de hoxe xa teñan efectuados eses pagos desa partida, unha no mes de decembro e outra agora cando estamos vendo que no consello de participación cidadá é que hai algúns que se suspenden e outros que non se están realizando como se debían de realizar.

É dicir, hai asistencia mínima incluso das asociacións desas propias zonas non asisten a eses consellos. Polo tanto, entendemos que se está facendo un gasto non correspondente ao que se debería de facer según o acordo que hai e según o convenio. Polo tanto, nós creíamos que estaría retido parte desa partida pero que habería sobranse para poder utilizar neste. Pero bueno, entendémolo e haberá que seguir falando deso máis adiante como é o motivo que se está pagando un servizo cando a realidade non é a que está acordada no contrato, pero cambiamos e consideramos que é necesario porque sí é verdade que vostede se comprometeu a facer un estudio de custos, é certo, tamén é certo que están avanzando os días, avanzando os días e vai chegar setembro e non imos ter a partida aprobada nin imos ter o regulamento nin a ordenanza, para empezar o tema dos madrugadores; polo tanto creo que é urxente, a mellor forma é que hoxe se xenere unha partida suficiente como mínimo para esta anualidade. E creo que co diñeiro que hai agora mesmo para os madrugadores, aínda que vostedes lle dan outro nome, e máis os 43.000 euros que aportamos nós, pois creo que sería suficiente 85.900 euros sería o total con esta modificación que facemos, pois creo que sería suficiente.

E a segunda emenda que poñemos que é para a Asociación de Xordos de Ferrolterra que son os 5.000 euros que se aprobou a moción no pleno anterior, consideramos que tamén debe de aprobarse ese modificado nos orzamentos para que se poida completar esa axuda en base a opción que se aprobou no pleno.

Nada máis e moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: bos días a todas e a todos. Temos que deixalo claro, non entendemos maneiras de actuar neste caso que non axudan nin benefician á veciñanza senón o que fan é bloquear porque hai outras maneiras e eu creo que o Partido Popular sábeas perfectamente, que bloquear uns orzamentos de 37 millóns e medio ademais pedindo quitar diñeiro dunha partida para poñer noutra. Non sumar máis diñeiro posible nesos orzamentos que se farían cun modificado de crédito.

O que se enviou onte creo que quedou moi claro o informe técnico de Intervención, de que non era viable tecnicamente e agora a uns minutos do pleno nos vemos cunha emenda que vemos que é quitar diñeiro para poñer noutra.

E creo que isto se soluciona cun modificado de crédito para que si se teña o servizo de madrugadores, que por certo nós levamos anos reclamando e estamos encantados de que agora se sume máis xente e máis agora co compromiso da Alcaldía, de que vai haber un estudo de custos e de que se vai facer un modificado de crédito mentres a Xunta siga na súa deixadez de funcións. Por eso nós non podemos votar a favor da emenda que presenta o Partido Popular que creo que o



único que quere é bloquear unhas contas, que supoñen dous millóns e medio de euros máis para os veciños e veciñas que os orzamentos anteriores. O que si quedará prorratedos moitas das subidas a convenios e en subvencións non estarían e estas emendas que se podería facer a través de modificados de crédito. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, a verdade é que é moi fácil predicar, unha cousa é predicar e outra cousa é dar trigo e aquí predicar se predica moito pero trigo dase pouco, porque as artesas están todas vacías de trigo. Esa é a verdade.

Nós non queremos bloquear os orzamentos, nós simplemente pedimos unha modificación de dúas emendas e consideramos que dunha partida suficiente. É certo que tivemos os informes e entonces recoñecemos que si efectivamente se utilizou diñeiro desa partida que nós propuñemos pois hai que modificar esa partida, e creo que nesta partida que propoñemos non é bloquear nada, simplemente hai diñeiro suficiente para estas emendas e é a única forma de chegar a tempo no mes de setembro para que haiba madrugadores. A través do concello, senón non imos chegar a tempo e senón na acta vai quedar anotado o que acabamos de dicir hoxe aquí. Esa é a realidade. E nada consideramos que é necesario aprobar estas emendas e que non se bloquea ningún orzamento e que non se bloquean os orzamentos.

Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: só puntualizar unha cousas que dixo antes. É dicir, evidentemente se temos un contrato cunha empresa que está en vigor, hai que pagarlle as facturas. E non é a única cousa a que se lle paga que asistan aos consellos territoriais, é dicir, hai outro traballo máis detrás aparte dese e que se suspendan algúns por cuestións de veciñanza que non poida asistir ou por cuestión desa non é que o suspenda a empresa, é dicir, eles esa preparación a teñen que ter.

Pasamos a votar as emendas, bueno, votamos as dúas en conxunto.

VOTACIÓN DAS EMENDAS: O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, **NON** aprobou as emendas transcritas e presentadas polo grupo municipal do PP:

TEGA: En contra 10

PP: A Favor 6

BNG: Abstencións 3

PSdeG-PSOE: A Favor 2

2 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DOS ORZAMENTOS DO CONCELLO E DO PADROADO DE CULTURA, DOS ORZAMENTOS XERAIS CONSOLIDADOS, DO CADRO DE PERSOAL, DAS BASES DE EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS E DO LÍMITE MÁXIMO DE GASTO NON FINANCIERO PARA O EXERCICIO 2024.. -Lida

polo secretario xeral a proposta que di así: Considerando que na tramitación dos Orzamentos do Concello de Narón e do seu Padroado de Cultura para o exercicio de 2024, integrados no Orzamento Xeral e dos estados anexos da mercantil COSMA S.A., se cumpren os requisitos sinalados na lexislación vixente e, en especial, o preceptuado nos artigos 162 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, e concordantes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, vistos os informes de Intervención Xeral, e visto o ditame

favorable por maioría (cos 5 votos a favor dos representantes de Tega; e as abstencións dos membros do PP -3-; BNG -2- e PSdG-PSOE -1-) da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas, de data 10-04-2024 (sesión extraordinaria), o seu presidente propón ao Concello Pleno a aprobación dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Orzamento do Concello para o exercicio 2024, que ascende á cantidade de 37.681.368,80 €, tanto en ingresos como en gastos, sendo o resume por capítulos como segue:

1) ORZAMENTO DE INGRESOS

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
1	Impostos directos	13.536.408,04
2	Impostos indirectos	510.000,00
3	Taxas e outros ingresos	6.593.700,00
4	Transferencias correntes	15.283.269,79
5	Ingresos patrimoniais	76.376,69
6	Alleamento investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	602.478,20
8	Activos financeiros	70.000,00
9	Pasivos financeiros	1.009.136,08
TOTAL ORZAMENTO		37.681.368,80

2) ORZAMENTO DE GASTOS

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
1	Gastos de persoal	11.821.968,36
2	Gastos correntes bens e servizos	19.636.251,45
3	Gastos financeiros	53.000,00
4	Transferencias correntes	4.488.534,71
5	Fondo de continxencia	0,00
6	Investimentos reais	1.611.614,28
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	70.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL ORZAMENTO		37.681.368,80

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o Orzamento do Padroado de Cultura para o exercicio 2024, que ascende á cantidade de 2.458.062,52 €, tanto en ingresos como en gastos, sendo o resume por capítulos como segue:

1) ORZAMENTO DE INGRESOS

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
1	Impostos directos	0,00
2	Impostos indirectos	0,00
3	Taxas e outros ingresos	353.900,00
4	Transferencias correntes	2.082.662,52
5	Ingresos patrimoniais	1.500,00
6	Alleamento investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	20.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL ORZAMENTO		2.458.062,52

2) **ORZAMENTO DE GASTOS**

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
1	Gastos de persoal	339.687,70
2	Gastos correntes bens e servizos	2.031.874,82
3	Gastos financeiros	500,00
4	Transferencias correntes	65.000,00
5	Fondo de continxencia	0,00
6	Investimentos reais	1.000,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	20.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL ORZAMENTO		2.458.062,52

TERCEIRO: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral consolidado do Concello de Narón para o exercicio 2024, que ascende á cantidade de 38.199.768,80 €, tanto en ingresos como en gastos, sendo o resume por capítulos como segue:

1) **ORZAMENTO DE INGRESOS**

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
1	Impostos directos	13.536.408,04
2	Impostos indirectos	510.000,00
3	Taxas e outros ingresos	6.947.600,00
4	Transferencias correntes	15.426.269,79
5	Ingresos patrimoniais	77.876,69
6	Alleamento investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	602.478,20
8	Activos financeiros	90.000,00
9	Pasivos financeiros	1.009.136,08
TOTAL ORZAMENTO		38.199.768,80

2) **ORZAMENTO DE GASTOS**

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
1	Gastos de persoal	12.161.656,06
2	Gastos correntes bens e servizos	21.668.126,27
3	Gastos financeiros	53.500,00
4	Transferencias correntes	2.613.872,19
5	Fondo de continxencia	0,00
6	Investimentos reais	1.612.614,28
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	90.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL ORZAMENTO		38.199.768,80

CUARTO: Tomar coñecemento dos estados anexos correspondentes á mercantil COSMA S.A. para o exercicio 2024.

QUINTO: Aprobar inicialmente as Bases de Execución do Orzamento Xeral para o exercicio 2024, de aplicación ao Concello e ao Padroado da Cultura.

SEXTO: Aprobar o Límite Máximo de Gasto non Financeiro consolidado para os Orzamentos Xerais do exercicio 2024 por un importe de 37.069.321,83 €.

SÉTIMO: Aprobar inicialmente o Cadro de Persoal para o exercicio 2024.

OITAVO: De conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado inicialmente o Orzamento Xeral, expoñerase ao público por un prazo de 15 días para que os interesados poidan examinalo e presentar as reclamacións que consideren oportunas diante do Pleno. Considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentasen reclamacións. En caso contrario, o Pleno dispoñerá do prazo dun mes para resolvelas.

DEBATE

-Sr.Romero Franco: ben, bos días a todas e a todos.

Cada 4 anos a parte política desta cidade se expón a un proceso democrático onde o pobo decide que é o mellor para a súa cidade.

Dende hai moitos anos este partido político contou co respaldo de todos os seus veciños porque co seu programa conseguiu un Narón de futuro, unha cidade onde a xente é máis feliz, ten máis calidade de vida e quere pasar a maioría dos seus días. Hai agora casi un ano o pobo de Narón foi claro e volveu a dar a súa confianza dunha forma clara a esta forza política que no día de hoxe presenta estes orzamentos.

Sempre fumos un grupo de consenso, de diálogo, de negociación e aínda que nesa ocasión os grupos que convivimos neste pleno non quixeron formar parte do grupo de goberno, non deixamos en ningún momento de intentar de acercar posturas única e exclusivamente para favorecer aos veciños e veciñas de Narón. Por eso se lles trasladou un borrador xa hai meses, para poder compartir con eles que era o que queríamos seguir facendo no noso concello.

Hoxe traemos aquí un orzamento que non foi fácil de elaborar, e vimos as administracións locais unha pandemia financeira que fai que sendo a administración máis cercana nos deixen totalmente desamparados outras administracións para poder exercer as nosas competencias e aínda por riba teñamos que atender as que non nos son propias.

Xunto co aumento de custo dos contratos ben por custos dos contratos, ben por materiais, ben por custo de persoal fai que cada vez o noso concello tiña que xestionar de forma máis que eficiente os nosos ingresos. E eso si, o pobo entendeuno así, tiñamos que ser nós os que decidiramos con este orzamento o que era mellor para Narón. E como deberíamos de levar a cabo a través da nosa experiencia, o noso coñecemento e o noso traballo que levamos a cabo día tras día.

Aínda que a situación sexa a que é, traemos aquí ese documento coa ilusión do orzamento do primeiro día. Un orzamento que sigue as liñas orzamentais deste grupo, e que mira para o frente con paso firme, afianzando a importancia nas persoas tanto maiores como nenos, tanto na Cultura e no deporte.

Un orzamento que permitirá a Narón crecer como leva sendo ata agora e nos últimos 30 anos.

Agora pasarei a facer un pequeno resumo, e a explicar un pouco as liñas fundamentais e as variacións con respecto a outros anos deste orzamento que traemos hoxe aquí a aprobación no Pleno.



Contamos cun presuposto este ano cunha cantidade de 37.681.368,80 €, un presuposto que dentro do seu capítulo de ingresos loxicamente ven incrementado porque decidimos este ano meternos a un crédito para poder financiar as inversións deste concello. Entendemos que eran necesarias e entendemos que a situación de estabilidade e que estamos nesta situación e que cremos que o noso concello coas regras fiscais que nos avalan e que cumplimos nos dá estar nunha situación de estabilidade que fai que podamos afrontar esta liña de crédito.

Por unha parte paso a explicar o orzamento de ingresos deste concello:

Dentro do Capítulo 1, vemos que hai un lixeiro incremento e sobre todo, dado a execución do ano anterior vimos que se aumenta considerablemente as liquidacións por plusvalías e lixeiramente o recadado por Ibi e por eso o capítulo 1 vai con esa previsión de aumento lixeiro.

Dentro do Capítulo 3, como xa explicamos tamén xa en varias ocasións ten un pequeno descenso debido a ese 1,5% que pagan especialmente as empresas eléctricas, dado que o consumo e o custo da electricidade baixou e loxicamente ese porcentaxe de facturación que eles teñen que aboar ao noso concello se veu reducido e por eso nesta ocasión ese capítulo ven con ingresos, bueno cun ingreso de cerca dun 3%.

Dentro do Capítulo 4, vemos que practicamente as administración mantiveron a súa aportación, neste caso a Xunta e vimos incrementada lixeiramente a aportación grazas ao POS da Diputación pero sí que vimos nesta ocasión, vimos que había un aumento bastante importante dentro da participación dos tributos do Estado que xunto coa aportación que tiñamos e que nos corresponde xunto con liquidacións de anos que foron seguramente positivas, que bueno, que nos dán un incremento bastante importante neste capítulo.

Eso nos fai chegar xunto coa liña de crédito que se vai solicitar que supera lixeiramente o millón, pois nos fai chegar a esa cantidade de pouco máis de 37 millóns e medio para este orzamento.

Por parte do orzamento de gastos, pois como ben sabedes dentro do Capítulo 1, os Presupostos Xerais do Estado estipula e cantidade e a porcentaxe de incremento que temos que facer a todo o persoal, neste caso loxicamente alleo a nosa vontade e temos que facelo sen lugar a dúbidas. Neste caso, entre a propia aportación e incrementos que poden considerarse de atrasos doutros anos pois incrementaremos un 3% este capítulo I.

Dentro do Capítulo número 2, as administración locais loxicamente, cada licitación que saca para intentar manter esa calidade dos servizos do noso concello e cada contrato vese en cada licitación aumentado considerablemente, e loxicamente neste Capítulo 2, hai determinados contratos que si que nos fai incrementar estas partidas considerablemente, fundamentalmente un a destacar sobre todo bastante importante, porque non deixa de ser unha competencia que é impropia, que é a Axuda no Fogar que ten un aumento bastante considerable, xunto con outros como limpeza e mantemento das instalacións deportivas e o propio contrato de asistencia para documentos no noso concello e loxicamente a posta en marcha polo muíño de Xuvia.

Dentro do Capítulo numero 3 neste caso, loxicamente son os gastos derivados dese préstamo que imos a levar a cabo, e dentro do Capítulo número 4 pois loxicamente esa aportación ao Concello de Ferrol polos gastos da depuración xunto coa aportación que, neste caso, temos que facer a Cosma para intentar manter ese equilibrio económico da empresa.

Destacar tamén que loxicamente nos últimos, creo que o esforzo deste grupo nos últimos 4 anos a nivel de inversión, creo que é palpable, refírome con inversións que superan os máis dos 20 millóns de euros e aínda así neste orzamento inicial levamos unha cantidade creo que importante que sigue manifestando o traballo e a proposta deste concello para levar a un Narón cada vez máis cara un futuro.

Dentro do Capítulo 6, que creo tamén que é un capítulo que aumenta con respecto aos presupostos dos iniciais do ano pasado de máis de un 30%, bueno, pois queremos dalgunha forma destacar obras como poden ser “mellora da eficiencia enerxética como pode ser na Estrada de Cedeira e Polígono do Río do Pozo seguindo un pouco a nosa liña de inversión nesa área, casi cun porcentaxe moi elevado de mellora enerxética casi en toda a cidade e reposición e peche na escola da Gándara e pista polideportiva e accesos, e aillamento e reposición da terraza exterior do local social de San Xiao, reforma e bancadas do pavillón do Campo da Serra, adecuación do pavillón do Val para a pista de jockey, a reforma nas pistas de atletismo e a homologación da instalación, e loxicamente a solución tecnolóxica do xestor de expedientes, que xa explicamos o motivo de ter que facer esta inversión e adquisición de mesas e cadeiras para distintos eventos municipais e reposición na nave de servicios e acondicionamento no Local Social da Gándara, reposición do chan no Local social de Doso, acondicionamento acústico no local social da Gándara, e en Xuvia no local social de Altea.

Esto fai un presuposto que como ben decimos é un presuposto que vai encamiñado a levar a Narón á cidade que todos queremos, e entendemos que por responsabilidade política e a intención deste pleno non é a paralización deste concello, pedimos o voto a favor destes presupostos.

Moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: puntualizar unha cousa que dixó, que non é local social da Gándara senón que é o da Solaina nesta última parte que estaba decindo. Algunha outra intervención?

-Sr.Ulla Rocha: Grazas Sra.alcaldesa. Apélase a unha responsabilidade para que nos absteñamos porque equivale unha abstención a un voto favorable, pero o partido socialista vai votar que non.

Vai votar que non porque esa responsabilidade que mesmo ti estás apelando é a mesma responsabilidade que o partido socialista ten cos seus votantes e co goberno.

Vos podedes ben presentar estas contas e que hoxe non saian, e que a través dunha moción de confianza dentro de 1 mes que saian. Porque non creo nin que o PP , PSOE e BNG tiveran un candidato alternante, polo tanto, hoxe unha abstención o que é simplemente é buscar un socio encuberto para que se aproben uns orzamentos que son continuistas, que son conservadores e que aínda por riba nos van endebedar. Este concello hoxe xa non vai estar saneado a partir de agora. Este concello xa non vai estar saneado, as contas están aí Olaia, por se as queres ver e non está saneado porque temos que inxectar cartos en Cosma. Por certo, imos inxectar cartos en Cosma sen haber feito unha auditoría de xestión de Cosma, é unha temeridade, imos meter cartos nunha empresa que non sabemos como se está gastando. Esa é a responsabilidade que ti nos pides a nós?

Non contedes con nós, digo que son continuistas e conservadores porque vostedes levan 15 anos prorrogados, si prorrogados. Que hai recoñecible en todas esas obras e investimentos que acabas de dicir? Hai algún proxecto que podas dicir que haiba orgullo de Narón que hai que avanzar? Nos plantexabamonos que había que construír unha piscina nova cuberta, a que está era para 20.000 persoas. Hoxe hai demanda. Hai cola, a xente dá unhas listas de espera, pero bueno, non o quixestes aceptar, pois alá vos. Seguramente colleredes esa idea para a seguinte. É o que facedes vós, coller ideas. Afortunadamente.



Vos herdastes un polígono industrial para que vos xere recursos afortunadamente para que podades facer unha política de circo e pan, eu algunhas veces penso se en vez de ser políticos esto é unha comisión de festas. É así.

Falas das persoas. O servizo de madrugadores, que non o tes que facer, que non o temos que facer, competencia impropia. O día 25 aquí cando se debata, pero eu o que che podo decir é que eu non aprobaría uns orzamentos de casi 4 millóns de euros mentres un neno ou unha nena de Narón non vaian almorzar no colexio porque os seus país non teñan 2,80 euros. É así, é verdade.

De todas maneiras, aprobar estes orzamentos é emendar o traballo que se fixo este último ano, a auditoría de Cosma que xa mencionei antes, o servizo de conciliación de madrugadores municipal, a adquisición do edificio colindante do colexio de Sedes, que tampouco ben, falta audacia señoras e señores de Terra Galega. Falta audacia, proxecto, falta un Narón que se poida recoñecer. Falta un futuro, por eso non conten con nós.

-Sr.Carballeira López: bo día. Bueno, nós pensamos que si por fin se presentan os orzamentos de Narón de 2024, entrando o segundo trimestre do ano, eso sí, moi lonxe do que estabamos acostumados e teño que confesar que dende outubro do pasado ano cando o BNG presentamos as nosas propostas ata que tivemos a primeira constancia das nosas intencións aló por febreiro, cheguei a ter certo neviosismo, no, ata cheguei a plantexarme eu que un goberno de TEGA en minoría podía optar por non presentar uns orzamentos e pasar o ano con eles prorrogados cos problemas que eso pode traer, ou facer unha moción de confianza, porque claro en outubro cando o BNG presentamos as nosas propostas estabamos votando e fallo ao natural que entendemos que nunha democracia normal debería estar sucedendo a esas alturas cun goberno en minoría, que non era outro que a negociación coa oposición para lograr uns orzamentos de consenso cos apoios suficientes e nós o BNG de Narón, a forza política me refiro, xa non tanto o grupo municipal, porque sabedes que somos unha organización assemblearia, tiñamos o traballo feito para recibir esa chamada e intentar darlle unha volta a estes orzamentos de 2024 e chegar a Narón un pouquiño, ese estilo de concellos que están de moda vou dicir, porque sempre digo premiados, que son os concellos do BNG.

Bueno, ao fin saltamos ese paso da negociación en febreiro como soupemos pero aínda esperamos 2 meses máis para por fin, agora sí estar diante do voso orzamento. Nótase que este ano houbo que traballalo un pouquiño. Porque as contas bueno, nós non as vemos tan terribles como as pode ver o voceiro do PSOE, pero é certo que xa non están tan saneadas como o traballo en Facenda do BNG as deixou, o feito está en que efectivamente acudides a un crédito para cadrar as contas e acudides a un crédito sen aumentar a porcentaxe de investimentos que ano tras ano anunciamos que é chamativamente pequeno por usar unha expresión bonita. E é chamativamente pequena e todos os anos e acudides a un crédito, este, por esa mala práctica vosa tamén, por seguir usando expresións bonitas de non traballar ben os orzamentos. E bueno, supoño.. decides aquí e aló na memoria da Alcaldía por exemplo, da importancia do orzamento como elemento planificador do presente exercicio. Bueno, é así no, logo aos 35 millóns de euros que podemos ter de media iniciais lle engadides 16 ou 19 millóns de euros como nos anos anteriores, e logo deixades sen executar 14 millóns de euros porque bueno, é a vosa maneira de funcionar, no, supoño que diredes, no poñer partidas grandes que vale máis que sobre, aínda que teñamos que pedir un crédito.

E ano tras ano, vos pedimos unha verdadeira planificación política e que veña plasmada nos orzamentos. Que se note un goberno con vitalidade, con ganas de traballar e a verdade que nestes orzamentos o fundamental, o traballo político non muda.

Mirade, esta semana estiven con un amigo que é técnico nun concello do BNG, técnico no político eh, e lle preguntei que tal se traballaba con eles, cos políticos do BNG e me contestou, palabras literais: “queres crer que estamos buscando partidas onde sobren 100 ou 200 euros para usar noutras cousas?”. Bueno, a verdade que mo decía como que era moito traballo para el. Pero eu a verdade que o escoito con moito orgullo porque eso é nun concello do BNG, no. Igual ese é o truco, demasiadas ganas de traballar para os medios que hai.

E mentres en Narón, ano tras ano dende hai 5, liquidamos orzamentos como este moi parecido, que presentades hoxe con cincocentas partidas, que xa eran remanentes a final de ano e apenas, unha quincena que se modifican negativamente para usar noutras cousas e o resultado xa o dixen antes, millóns e millóns de euros sen executar. Pero cando o goberno non vedes as cousas tan boyantes como sucede agora, antes de indagar nesas partidas que ano tras ano, deixan... xan non digo 100 ou 200 euros, digo decenas ou centenas, de miles de euros cada unha, sen executar, decidides eliminar as axudas ás asociacións para realizar as celebracións tradicionais que xuntan á veciñanza e o magosto de Xuvia foi a primeira en caer e a seguinte, si ninguén o remedia vai ser a festa dos discos de Doso. Cousa que dende o BNG intentamos evitar por activa e por pasiva, ata presentamos unha moción para que os orzamentos garantiran a súa continuidade e aínda hoxe como acabo de explicar, non entendemos como Terra Galega e o PP de Narón se puideron opoñer a esto porque había alternativas como acabo de decir.

E que aínda que hoxe salgamos con estes orzamentos aprobados, o BNG non renunciamos a seguir pelexando por esta causa xusta que é para o que estamos aquí. Para pelexar e traballar polas causas xustas. Do lado de quen as apoie e de fronte de quen as negue. Por eso tamén dimos a cara para que se contemplase neste orzamento a xestión de madrugadores por parte do concello.

Non cremos que sexa a maneira, acaban de presentar hoxe nas emendas, pero nós seguiremos pelexando por esto. Que sabemos que é a Xunta de Galicia quen debería de asumir este servizo, claro que sí, por eso aquí e no Parlamento tedes ao voso carón ao BNG, para esixirlle que cumpla coas súas obrigas; pero si parece inxusto pedirlle á nosa administración que xestione o servizo, máis inxusto é pedirlllo ás ampas. Por esto vémonos na obriga de poñernos do seu lado cando piden auxilio ao concello.

E teredes ao voso carón tamén ao BNG, ou abanderando as esixencias á Xunta de Galicia, para que invista equitativamente nos concellos esteñan gobernados polo PP ou por outras forzas políticas como é o noso caso. Para que reforme os colexios en estado ruinoso de Narón.

Para que asuma as xestións das escolas infantís. Para que cre residencias de maiores. Centros de día, vivendas sociais, do noso concello e para que dunha vez se faga cargo e non teñamos que destacar, que se faga cargo do custo total do servizo do SAF, digno, porque sabemos que estes e en xeral os orzamentos dos concellos, están moi condicionados pola pésima xestión da Xunta de Galicia e a necesidade de asumir funcións impropias, que merman as nosas capacidades para asumir as nosas.

E tamén abandeiraremos as esixencias ao Estado porque aquí e aló, no Congreso dos Diputados, tamén se arreglan os orzamentos. O BNG defendemos o cambio nos baremos para o reparto da participación dos tributos do estado. Mirade, que comentabas antes, no capítulo de ingresos deste orzamento excepcionalmente este ano, é moi destacable, como ben comentabas, este punto no, cunha subida excepcional precisamente pola liquidación do ano 2022, e nos aumento o ingreso practicamente nun millón de euros, pero insisto, esto é excepcional este ano por esa suba.

Ben pois neste ano no orzamento acadamos unha cota de 250 euros por habitante en Narón, pois a media dos concellos de España sen contar Galiza, está habitualmente nos 256 euros por persoa, habitualmente.



Así que mudando estes criterios para non discriminar Galiza non debería de ser excepcional este millón de euros a maiores deste ano para o Concello de Narón, se non que poderíamos contar todos os anos con el, cos beneficios grandes que eso causaría, claro, e como é xusto, o BNG estamos dando o callo por el a carón de quen tamén o crea xusto.

E falando de asumir gastos impropios, tamén cabe destacar nestes orzamentos o pago por parte da veciñanza de Narón das obras de saneamento da marxe dereita da ría, a única ría onde o Estado non asumiu o custo total da infraestrutura, e o BNG fumos os únicos daquela que nos opuxemos a esta discriminación, quedando solos. Nin TEGA, nin PP, nin PSOE ao noso carón, e cabe destacalo nestes orzamentos, claro que sí, nos de décadas anteriores tamén. E nos de décadas que quedan por vir. Porque esto imos a tardar moito en pagalo. Pero cabe destacar sobre todo nestes orzamentos, porque son os primeiros onde se reflicten a posibilidade de que a xente usuaria poda asumir o custo do servizo, subindo todavía máis os recibos de Cosma, xa altos.

E é por primeira vez onde o orzamento asume facerse cargo de parte deste custo pasando a ser fondos do concello quen teñen que asumir estas perdas.

Eu non sei se en situacións como estas ás veces pensades, maldito o día que non lle fixemos caso ao BNG, porque a verdade é que nos complica as cousas e para varios anos. Porque postos a posicionarse nas funcións impropias mellor librar ás ANPAS da xestión de madrugadores, que librar o Estado de pagar as obras que asumiu en todas as rías menos en esta.

En definitiva, estes non son uns orzamentos que o BNG desexamos e non podemos votar a favor porque non imos renunciar a seguir pelexando polas causas xustas porque falta moito por facer en Narón, e ademais do que xa fun citando, precisamos mudar os orzamentos habituais por uns que melloren a eficiencia económica dos servizos e para isto sería urxente facer un estudo económico financeiro sobre a xestión das bibliotecas públicas de Narón, coa intención de pasar a unha xestión directa.

O mesmo con Cosma. Hai que ir facendo para valorar se unha xestión directa a partir de 2027, pode abaratarnos o prezo desproporcionado dos recibos trimestrais, pular por unhas negociacións da mancomunidade para unha xestión común da recollida do lixo e así poder abarcar proxectos máis ambiciosos que non supoñan queimar ata o 60% do plástico que reciclamos a veciñanza de Narón.

Ademais ao BNG nos faltan investimentos en patrimonio e cultura porque para min non é destacable nestes orzamentos como mencionabas que o muíño de Xuvia, se poña en servizo senón que era destacable en todos os orzamentos anteriores que a oitava cidade do país non contase cun museo.

Precisamos agora tamén comezar coas obras do muíño das Aceas, polo menos as máis urxentes para evitar que o patrimonio que contén se siga destruindo.

Precisamos que o paseo fluvial ata Pedroso se vaia convertendo nunha realidade non só nun anuncio do periódico.

Precisamos investir no rural, continuar coas obras de saneamento ata chegar a todas as parroquias, facer as obras que favorezan a súa dinamización como a modernización das instalacións, a Feira do Trece ou a cuberta da pista de Doso.

Precisamos pensar nunha segunda piscina climatizada, ubicada máis perto do rural ademais para favorecer o servizo a toda a veciñanza.

Precisamos a merca dunha zodia para o servizo de rescate xa que somos un concello en liña de costa e na nosa ría se practican deportes.

Precisamos crear un CIM en Narón para prestar unha atención especializada a mulleres vítimas de violencia de xénero, maltratadores e persoas LGTBI+

Precisamos chegar en orzamentos como este ao 1% para Igualdade, cifra que estamos moi lonxe todavía.

Bueno e unha chea de cousas fumos presentando en outubro, presentamos todo o ano, presentamos unha lista máis grande que estamos listos para traballar nela.

Así que aínda que hoxe a verdade nós imos a favorecer que estes orzamentos saian adiante, pola nosa práctica de oposición constructiva porque bueno, cremos que gobernar Narón cuns orzamentos prorrogados crearía unha perda de 2,5 millóns de euros, valoramos algúns investimentos que o propio BNG temos demandado, así como o aumento necesario da cantidade de euros nos convenios de varias entidades que tamén temos demandado. De todos xeitos que ninguén dubide que seguiremos todo o ano traballando para que a súa execución, a dos orzamentos sexa impecable porque non necesitamos máis obras con sobrecostos que logo non cumplan unhas expectativas ou unha función. E traballáremolos para melloralos tamén dunha maneira xusta.

De momento nada máis. Creo que xa levo o meu tempo agotado.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

En primeiro lugar, quero pór de manifesto que no borrador do orzamento non se recolle ningunha das medidas que fixemos chegar por parte do noso grupo, ao concelleiro de Facenda Romero Franco.

Por tanto, só podo cualificar como “decepcionante” a actitude do equipo de goberno.

Practicamente en 2 meses non foron vostedes capaces de facer un guiño a algunha das propostas presentadas para mellorar servizos aos veciños/veciñas de Narón.

Do anteproxecto que traen vostedes hoxe aquí dedúcese que é “un orzamento repetitivo ano tras ano e recadatorio, que non achega nada novo ao desenvolvemento do noso Municipio e á mellora das condicións de vida dos veciños e veciñas de Narón”. Por tanto non responden as necesidades básicas da cidadanía.

Limítase a reiterar os compromisos non executados de exercicios anteriores, xa que no capítulo 6 deixa sen executar o 44% no ano 2023 e no capítulo 2, máis do 19%, o que pon de manifesto a incapacidade e a ineficacia do goberno municipal á hora de xestionar as contas. E isto repercute moi negativamente no noso municipio. Por tanto, o único que podo dicir, é que este equipo de goberno presidido pola súa Alcaldesa, un ano máis segue dándolle as costas aos nosos veciños e veciñas.

Sra. Alcaldesa, estes orzamentos non fan senón evidenciar a falta de sintonía cos problemas que acucian a Narón e aos seus veciños/as, ao non atender ás necesidades reais que precisan dunha actuación urxente e inmediata, tales como a mellora do mantemento de beirarrúas, parques, así como de camiños e viais entre outras moitas”.

¡¡Esto é insólito e inaceptable!!!

Polo que respecta aos investimentos previstos para o ano 2024, o retroceso é máis que significativo os investimentos proveñen na súa maioría de subvencións, doutras administracións, mentres que o resto proveñen do préstamo que se verá obrigado a subscribir o concello aumentando así a súa débeda a final de 2024.

¡¡Esto é intolerable!!



Unha parte importante desta débeda vén por unha mala xestión na empresa Cosma, parece que temos que “blanqueala” cunha aportación de máis de 430.000,00€ . Desde a oposición pediuse unha auditoría externa, foi aprobada en pleno e a día de hoxe seguimos á espera de que se poña en marcha.

Tampouco temos coñecemento de que se iniciase un plan de saneamento para Cosma, hai responsabilidades na xestión Sra. Presidenta, ten que exercer as súas atribucións para aclarar a mala planificación e xestión durante estes últimos anos, que desde o noso grupo vímoslle advertindo desde o ano 2020.

Que pretenden seguir achegando diñeiro dos veciños de Narón sen facer a correspondente investigación da mala xestión da empresa?

Vostede sabe que ten a obriga como presidenta de poñer en marcha o plan de saneamento da empresa Cosma; é necesario e urgente.

Non pretenderán arranxalo coa subida das tarifas do Saneamento, Abastecemento e Depuración en máis dun 40%?

Desde o grupo municipal popular, vemos que esta corporación fixo recortes en servizos básicos universais; mantemento, reparación e conservación. Tamén como xa expuxen a “falta de investimento” en áreas como deportes, muller, infraestruturas, patrimonio, medio ambiente e promoción económica.

Por tanto, o único que podemos dicirlles aos nosos veciños e veciñas é que Narón está abandonada á súa sorte por un goberno máis preocupado polos intereses particulares do gobernante, e cunha Alcaldesa cada vez máis afastada de Narón.

As entidades locais son administracións máis próximas ao cidadán e ante esta crise social e económica, debemos actuar con responsabilidade e dilixencia na asignación dos recursos públicos, por iso é necesario implementar medidas para apoiar á poboación máis vulnerable, canalizar a onda de solidariedade dos cidadáns, e sentar as bases para que a recuperación da sociedade e economía co obxecto de que se produza o máis pronto posible.

Sra. Alcaldesa, os orzamentos municipais para 2024, volven unha vez máis a incumprir as promesas e deixan “no tinteiro” infraestruturas necesarias como lle viñemos lembrando a través de distintas Mocións e Rogos nos plenos ao longo do ano 2023 e dos últimos meses.

Aínda así para realizar eses mínimos investimentos e facer cadrar as contas temos que ir a un préstamo bancario por algo máis de 1.000.000 €

Non podemos entender a situación. Un Concello con 37.681.368,80€ de orzamento, ten que dispoñer de recursos sen chegar a esta situación.

Os caprichos políticos de “TEGA” “os seus compañeiros de viaxe” están a hipotecar este Concello.

SPEIS un servizo que como ben saben esta mermado de persoal, deberían de traballar para mancomunalo con outros Concellos, Deputación e Comunidade Autónoma. Para compartir costes!! Ese capricho de 2015 estanos costando moito diñeiro e estamos cun servizo mermado.

Vostede o sabe.

Outra partida que nos preocupa e moito e o traspaso de 1.967.162,52 € ao Pazo de Cultura e que ademáis non só é esa cantidade, hai outras partidas que suman algo máis 177.607,07 € , total 2.264.769€ así como outros gastos correntes e superfluos que seguen pagando desde orzamento do Concello.

Cando o Padroado ten orzamento propio, nos podría explicar cal e o motivo de estas partidas no orzamento do Concello cando o gasto é do Padroado de Cultura?

Non estamos en contra da Cultura!! pero si que estamos a favor dun control e seguimento dunha boa xestión, isto vai encamiñado a outra “COSMA”. É preocupante a forma de gastar os fondos públicos neste concello.

Hai parte das actuacións que teñen que ser sostibles.... Non todo pode ser a cargo dos impostos dos veciños e veciñas.

Como dixen antes, estes orzamentos chegan fóra de prazo e sen ningún intento de consenso por parte do goberno coa oposición. Ademais, hai que poñer de manifesto que desde o grupo popular debemos ser especialmente críticos coa forma de elaborar os orzamentos anuais, xa que non expuxeron ningunha reunión formal entre o goberno e os grupos da oposición para dialogar, acordar proxectos e medidas económicas de interese xeral.

Por tanto, lamentamos a falta de diálogo do actual goberno para chegar a acordos, de proxectos necesarios para o pobo de Narón. Este feito representa “un retroceso nas relacións políticas” e a “participación democrática” de todos os grupos na xestión deste Concello.

Sra. Alcaldesa, como lle dicía este é un orzamento recadatorio.

Para as empresas reducir impostos locais pode supoñer un aumento da liquidez mediante o instrumento do aforro e por tanto unha fonte xeradora de emprego. Por eso resulta fundamental levar a cabo unha revisión dos mesmos e axustalo á realidade do momento.

Por outra banda, Sra. Alcaldesa, unha vez máis, vemos a súa falta de políticas para frear as desigualdades municipais. O rural para vostedes, non existe tal vez porque descoñecen esas zonas. É lamentable, que o Concello non aborde dunha vez por todas os proxectos necesarios e básicos para o medio rural, como a depuración e abastecemento, en parroquias que a día de hoxe non está instalado o primeiro metro.

Por tanto, teño que dicir, que este Goberno municipal, está a incrementar o desequilibrio territorial, e por eso, debo denunciar esa discriminación que cada ano acentúase máis para as zonas máis rurais do noso Concello.

Sra. Alcaldesa, lémbrolle que o grupo municipal popular ano tras ano solicitámoslle “un plan de choque para desatascar a xestión das obras e investimentos”. Fan falta máis medios para romper o cuello de botella, para que os investimentos pasen de ser anuncios a ser feitos que melloren a vida dos nosos veciños e veciñas e revitalicen a economía.

Hai modificacións de créditos realizados no ano 2023 que en abril do ano 2024 todavía non ten ningunha xestión feita.

O seguimento e as malas execucións das obras iniciadas son outro grave problema para este Concello.

Exemplos: Rúa a Solaina, Piscina do Couto, Área recreativa de Pedroso, Bowl, Accesibilidade e a comunicación entre barrios entre outras moitas.

E o mesmo fixo coa súa falsa promesa de impulsar o sector económico da cidade á vez que unha reactivación económica que abarque todos os sectores, familiares e empresariais de Narón xa que vostedes dedican ao programa de promoción económica un 24% menos que no ano 2023 e xa no ano 2023, sufrira outro axuste á baixa importante e por tanto non podemos estar de acordo.

Por iso, desde aquí píddolle que incremente a partida de promoción económica, imprescindible para que o tecido produtivo de Narón poida superar esta crise da mellor maneira posible.

Esto marcará a diferenza para poder preservar un futuro digno para o municipio, con proxectos empresariais e medidas para o benestar dos nosos veciños.

Neste sentido, consideramos que é primordial o poder chegar ao entendemento co goberno municipal para atender adecuadamente os retos aos que debemos enfrontarnos.

Desde aquí dígolle, que o grupo popular municipal está disposto a colaborar, buscar alternativas e solucións para mellorar determinadas cuestións e non seguir nunha dirección equivocada.,

Solicítolle á Alcaldesa “talante de consenso” e non ser ideoloxicamente excluínte nestas circunstancias.

Todos unidos, deixando as siglas e ideoloxías ao carón para traballar polo benestar de todos os nosos veciños/as, con especial atención aos colectivos máis vulnerables.



O momento económico fai necesario que Narón, teña “uns Orzamentos actualizados”, e que o Goberno sexa rápido na resposta” e actúe con liderazgo e capacidade de decisión, algo que non está ocorrendo.

Para finalizar, teño que poñer de manifesto que non se construíron uns orzamentos adecuados ás necesidades da situación actual, unha situación que non é allea para este concello, buscando unha maior protección social á vez que unha reactivación económica que abarque todos os sectores, familiares e empresariais de Narón. Un orzamento que máis que nunca debería apostar pola formación e o emprego como motores dinamizadores da economía local e por tanto social.

Por tanto, só podó dicir, que o equipo de goberno, a través destes orzamentos, o único que fai é levar a cabo políticas que impiden que Narón sexa máis inclusivo e moderno, e un concello medioambientalmente sostible e accesible.

Nada máis e moitas grazas

-Sr. Romero Franco: ben, vou intentar dar resposta de todo o posible. Primeiro, aclarar que Cosma saíu en varias ocasións en esta rolda. Cosma está auditada todos os anos e así se fai cada un dos anos que leva a xestión de Cosma neste concello. Outra cousa é que ese compromiso que asumimos desa auditoría externa, loxicamente se está traballando para levala a cabo e os servizos técnicos deste concello están quitando os pregos para poder chegar a facela. Pero repito, Cosma está auditada todos e cada un dos anos que leva neste concello.

Non sei se somos continuistas ou si copiamos ideas porque non se corresponden as dúas ideas. Si copiamos ideas entón non somos tan continuistas, si somos continuistas Somos continuistas? Dende logo sí porque o pobo de Narón decidiu que sí, que fomos nosoutros os que tiñamos que continuar gobernando este concello.

E que nos fale de que somos unha comisión de festas unha persoa que non ten experiencia ningunha política, ningunha, absolutamente ningunha, que apareceu este ano, que baixou os resultados nas eleccións do seu antecesor no seu mesmo partido político, que nas súas últimas eleccións da Xunta de Galicia os votos para o partido socialista baixaran aínda cada vez máis, que nos fale a nós de comisión de festas, é como mínimo curioso. Curioso.

E por aclarar o da piscina, non imos a dicir se é necesario unha piscina ou non é necesario unha piscina. Pero os datos se teñen que dar de forma correcta. No, non hai listas de espera para utilizar a piscina no noso concello. Outra cousa é que en determinados horarios, que loxicamente son máis demandados, non hai espazo pero hai horas con prazas dispoñibles para poder utilizar esa piscina. E a execución no noso concello, as cifras están aí, por dar datos: dentro do capítulo I ao V estamos casi nun 90% de execución, nesas capítulos.

Gustaríame que se puxera enriba da mesa que concellos teñen esta porcentaxe de execución. Gustaríame sabelo.

E na parte do apartado de inversións só recordar que no último ano se executaron 7 millóns de inversión no ano 2023, no capítulo de inversións deste concello. Creo que é unha cantidade que demostra o traballo que se fai neste concello día a día.

Por parte do voceiro do Partido Popular. Non se recolle ningunha idea. Persoalmente non sei como atribuírme isto. Nos reunimos varias veces. Nos comprometimos loxicamente ás cousas que lle dixemos que no, que nós como partido non estabamos de acordo neso e non se ían a facer e a parte máis curiosa que “nese espírito constructivo que ten o Partido Popular” resulta que aparece a última hora 2 mocións as cales non se mencionaron nesas reunións, que de espírito constructivo, de querer facer uns orzamentos nos que se contara tamén co Partido Popular, ningunha destas mocións que se presentan a última hora apareceron como medidas, como intención que o presuposto se modificara con estas solicitudes. Curioso.

Un presuposto recadatorio: levamos 12 anos que non se tocaron os impostos, que levamos cos impostos conxelados 12 anos. Incluso nese período se rebaixaron impostos como o Ibi e temos un espírito “recadatorio”. Gustaríame saber os concellos gobernados polo Partido Popular nestes últimos anos, especialmente que é novidade, é noticia nestes últimos meses o servizo da auga. Cantos concellos gobernados polo PP non incrementaron eses recibos para a súa veciñanza? E que hai recortes, só por dar as cifras eh, son as cifras reais que loxicamente os servizos deste concello nos dan.

Nas grandes políticas do concello. Aumentamos un 6% en seguridade e mobilidade cidadá. Aumentamos en vivenda e urbanismo un 26%. E benestar comunitario, un 11. E un dato importante tamén, comercio, turismo e pequenas e medianas empresas, o cal vai incluído loxicamente en promoción económica, aumenta un 5,26%.

En infraestruturas e servizos de carácter xeral, administración financeira e tributaria, é dicir, todos estes son grandes políticas que dentro do presuposto deste ano van incrementadas esas partidas.

E o SPEIS por un lado queremos mancomunalo, por outro lado en eleccións prometimos que queríamos e apostamos por aumentar o persoal neste servizo. Incongruente.

E si, criticamos estes orzamentos. Gustaríanos escoitar pola súa parte que critique os orzamentos da Xunta de Galicia. E que empece a cambiar esa cantidade, deixeme ... creo que era 0 euros, se non recordo mal, creo que era 0 euros para o Concello de Narón, só con que aumente unha inversión pequena, non sei, de 1.000 euros xa aumentaría o presuposto da Xunta de Galicia para o Concello de Narón.

E creo que intentei dar resposta a.... o saneamento. Este concello creo que todos os anos, ou ben co orzamento deste concello ou ben co plan de inversión de Cosma, sempre se levou a cabo algún tipo de inversión no saneamento na zona rural. Non creo que poida dicir que neste concello non se sigue traballando para igualar os servizos da zona rural.

E nada máis. Moitas grazas.

-Sr. Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.

Román, te noto moi nervioso, e preocupado polo partido socialista, polos resultados. Non terás medo, no? Ah, xa, xa. Non vaia ser, notase que estás nervioso e preocupado e que sigues e analizas os resultados do PSOE. Mira , eso me gusta. Pero mira hai unha cousa que non me negaches, que é polo vin eu aquí a facer política, vale? E que había nenos que van ao colexio sen almorzo. Eso non o negaches.

Entonces eso é o que me tes que negar. Ti mira e analiza as contas. Eu dígovos que sodes unha comisión de festas, mira o peso das partidas. A que dedicades vos a meirande parte dos recursos? Precisamente a eso. A seguir tendo a vosa para seguir ganando eleccións. É así. Pero eso vai mudar Román porque se vos está vendo que non sodes capaces de ter unha xestión axeitada para o futuro de Narón.

Polo demais, estes orzamentos son malos. E o que non pode ser é que se veña aquí a soplar e a sorber. A criticalos e a absterse. Hai que decidirse e hai que apostar e se a min me parece mal, presento unha emenda e discutímola aquí. O que non pode ser é que apelemos a unha responsabilidade que non existe.

Falemos as cousas claras. Ao mellor é que temos outras muletas en Narón. Pero o partido socialista non o vai ser. E se eso é o que che molesta Román, xa cho digo agora, non o imos ser, non o imos ser.

Achacas a falta de experiencia. Román, eu son unha persoa que estudio moi rápido. Xa o verás ao final destes 3 anos.

-Sr.Carballeira López: bueno, eu só unha cuestión moi pequena. Xa falei moito antes. Primeiro, como saíu así en moitas intervencións o servizo de madrugadores, aclarar un pouco máis a nosa posición, xa falei algo dela, pero nós non estamos renunciando, si que pensamos que non é o método, facer un modificado a uns minutos antes nos orzamentos, co cal os pararíamos. Nós de



feito presentamos unha moción e temos esperanza de conseguilo e parece que imos ven encamiñados onde se a Xunta non se facía cargo deles como ten que ser, que o propio concello o faga a través dun modificado de crédito.

Así que creo que nese aspecto temos os deberes feitos tamén.

Por outra parte, bueno, Román na súa primeira intervención falaba da confianza clara do pobo de Narón, non vos vou quitar que nas eleccións esteñades todo o orgullosos que queirades, claro que sí, pero a lectura igual que hai que facer, bueno, a confianza do pobo de Narón, ter 7.000 votos de 33.000 votantes, igual hai que facer outra lectura, tamén enlazando un pouco coa hora de negociar cos outros partidos, no, que decaades que tiñades un carácter negociador; nós decimos que votamos en falta unhas negociacións. Mostrar os orzamentos é unha cousa, negocialos é outra.

Darlle un pedaziño do meu bocadillo é unha cousa e dicir de que imos a querer o bocadillo hoxe é outra no.

Tamén falabas dos números... das porcentaxes de execución. É certo que os datos que eu din son absolutamente certos e os que dixes ti son certos, claro que sí, pero bueno, estás collendo unhas partidas en concreto, e logo ampliando a ver que concello ten esa porcentaxe de execución. Ti me falabas dun capítulo en concreto.

É importante neste orzamento, vos pedimos un maior traballo porque van volver a entrar as regras de estabilidade orzamentaria. É certo que os remanentes que se xeren este ano non os imos a poder usar libremente como pudemos facer estes últimos anos, por desgraza pola Covid 19 no.

Entonces sí que é importante empezar a usar estes gastos, a programar todo moito mellor para non caer nestos remanentes. É unha cousa que vos imos a pedir este ano a cambio da nosa confianza para sacar adiante estes orzamentos, que se traballe máis aínda.

E bueno, tomar nota tamén da confianza que, para nós non é tan clara do pobo de Narón, e un dos grandes problemas o temos nos investimentos, na execución dos investimentos, temos un problema, temos obras que están xerando sobrecusto, a xente lle parece moi mal, lle parece moi mal que logo non queden ben, parécelle moi mal ter un bowl que logo non se pode usar, parécelle moi mal as obras da Solaina, cando todo isto debería de ser precisamente o que estivera aupando un goberno todo o que se fai a prol da veciñanza, no.

E entonces pediríamos que o que se está aprobando nestes orzamentos, no capítulo de investimentos tamén que houbera un celo extraordinario para que todo vos saia ben. Por poñervos algúns exemplos, hai varios investimentos en locais sociais, no de San Xiao, o aislamento da terraza; en Doso, varias obras; na Solaina, en Xuvia hai un asilamento acústico que son 67.000 euros. A verdade que vale máis que un piso en Santa Icía agora mesmo. É moi importante ter celo, bueno, aparte de todas as inspeccións que poidan facer os técnicos que algún problema estamos tendo, para que isto funcione, para que quede ben. Para que logo non se diga que se gastou aquí uns cartos para que isto non funcione. Entonces este ano vos pedimos a cambio da nosa confianza, que se teña cuidado nestes puntos tamén. Nada máis.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno Sr.Román, loxicamente é increíble que me negue cando estiven falando con vostede que non lle fixen varias propostas, ademáis da emenda que metemos hoxe aquí. Si, si, si que llo dixen, ademáis lle dixen que íamos levar a moción ao Pleno.

E tamén lle falei, por exemplo, de cubrir as pistas de Doso e San Xiao, que puxeran unha neste ano e outra para o outro ano, que foran a sorteo.

Tamén lle falei da plataforma da rúa Cornido. Lle falei do muíño da Faísca, lle falei de varias cousas. Podía dicir unha cantidade importante de cousas que lle propuxen. E paréceme raro que agora veña aquí e que diga así claramente desa forma que minta no.

E despois fala de partidas que subiron pero non fala das partidas que baixaron: en medio ambiente, un 54%; parques e xardíns, un 8%; promoción social, un 70%; servicios complementarios de educación, un 6%; sanidade, un 24%; instalacións deportivas, un 8%; tempo libre de maiores, un 4%; promoción económica, un 24%. E o ano anterior outro achazo importante. Esa é a realidade, e despois lle vou explicar distintas inversións que fixeron que non están cumprindo os obxectivos para o que foron previstas ou realizadas.

Piscina do Couto:

Obra parada desde decembro, o que vostedes negaron neste pleno.

Pero é lóxico, ten que estar paralizado porque se aprobou o proxecto e a licitación no ano 2022. E non será porque dende este grupo non se lles advertiu de que tiñan como máximo 2 anos para realizalas. Loxicamente a empresa, 31 de decembro pechou e marchou porque di: oie, non vou a poder cobrar ata non sei cando. Esa é a realidade, e vostede se sorríe, esa é a forma de xestionar os fondos públicos? Parécenos increíble, parécenos increíble.

Tema de Cosma: xa vexo que non me contestou.

Cando teñen pensado que se inicie un plan de saneamento para Cosma. Vostede sabe que os 430000 € que aportan nos orzamentos non son suficientes. E posiblemente se lles olvidaran unhas cifras que se pagaron a Ferrol na lexislatura anterior. Voulle a recordar algunha para que vexa que dende o ano 2020 estamos advertindo deste problema en Cosma e que non nos escoitaron e que agora estamos donde estamos.

Mire, voulle lembrar: no ano 2020, suplemento de crédito 886.987,94 € aportación ao Concello de Ferrol dos gastos derivados da explotación do servizo de depuración da augas residuais (de xuño 2018 a decembro 2019).

Ano 2022, outro tanto do mesmo, algo menos pero o mesmo.

No 2023, para que sexa máis fresco: crédito nos orzamentos de 125.000,00 € máis suplemento de crédito 227.656,46 € que supón 352.656,46 €. Eso miando así un pouco por riba as cifras.

Vostede cree que é normal o que está pasando con Cosma? E que o van arranxar da forma que o están intentando arranxar? Señora, abriu o expediente que ten que abrir en Cosma para investigar e analizar cal é o problema que ten Cosma? Porque ademais todo isto cun ano de carencia. Para entendernos, volvo a explicar.

Vostedes no ano 2023, están pagando o ano 2022 cando Cosma ten recadado practicamente todo o ano 2023. Aquí vamos con un ano de retraso.

Outro tema importante a ter en conta. Se falamos doutro caso importantísimo que é outra inversión que non está cumprindo para o que foi nin os requisitos que todos pretendíamos ou entendo que o goberno cando a contratou así, a Rúa Solaina:

Adxudicada en 718.739,98 € + un modificado 324.93825 € a os 15 días de empezar a obra total... 1.043.678,23 €. Outra obra que tamén está na mesma situación que a piscina. Vostedes cren que esa obra está cumprindo ou o merecen os veciños da rúa a Solaina e todo o barrio de Sta. Icia que esa obra se fixera desa forma e esté como está? De verdade vostedes cren que si?

E cando fixeron ese proxecto pararon a pensar que os contenedores de residuos sólidos urbanos ían quedar na acera ocupando un espazo que según vostedes ía ser plataforma única para que pasearan os veciños. De verdade que o analizaron? Paréceme increíble.

Despois voulle recordar outra cifra que posiblemente vostedes non se preocupen nin se deron conta. Mire, na lexislatura 2019-2023 se fixeron de suplementos de créditos 9.609.828,35 €. É unha cifra importante, practicamente 10 millóns de euros.

Poderían decirme algunha obra que se executou con este diñeiro que lle podemos poñer alí a bandeira de Narón e que estemos orgullosos os naroneses desa obra que se fixo? Poderíame decilo? Sra. Natalia, se vostede o sabe dígame, porque a min gustaríame visítalo e facer alí unha foto, gustaríame ir a visítala e facer alí unha foto e dicir: oie, "que obra máis ben feita polo Concello de Narón, estamos orgullosos". Imos a publicar e sacar en todas as redes sociais porque isto é unha maravilla. A pena de todo isto é que non mo poden dicir, por eso nós non podemos votar nin abstermos nestes orzamentos.



Os fondos públicos necesitamos políticos responsables que sepan xestionar fondos públicos. Esta é a realidade do que está pasando en Narón.

Vostedes de verdade están convencidos de que eso ten que ser así? Xa lles dixen que van obras nos orzamentos, ano tras ano, que despois nunca se chegan a executar.

Reparación de locais sociais, algúns deles agora parece ser que a terceira vez que van nos orzamentos, parece que se van facer. Esperemos. Viais, parques infantís cubertos tamén desapareceu, pagouse un proxecto fíxose tal...desapareceu. Cando vaiamos facer esa obra o proxecto está caducado. Xa hai que reformalo.

Non son capaces de executar máis de 70% dos orzamentos anuais. Antes llo dixen e llo volvo a repetir. Capítulo 6, deixa sin executar un 44 % dos orzamentos do ano 2023 e no capítulo 2, o 19%.

Sra. Alcaldesa, eu llo dixen hai tempo, e llo comentei antes, aquí necesítase un plan de choque para desastacar a xestión das obras e investimento. Eu no seu día lle dixen, non me escoitou que tiña que contratar a un enxeñeiro de camiños. Non me escoitou, aos 15 días contratou a un arquitecto. Que non teño nada en contra dos arquitectos, pero cada un no seu campo.

Aquí necesitan e teñen que buscar a forma de que nas obras, a dirección de obra sexa do concello. Técnico municipal. Verá vostede como esto funciona doutra forma moi distinta.

E non sei se me pasa o tempo pero vou rematar.

Este grupo está disposto a colaborar, pero Sra.alcaldesa, ten que deixarse. Ten que deixarse, ten que axudarse, de verdade. É certo, nós estamos dispostos a colaborar e buscar alternativas e solucións para mellorar a relación con outras administracións en determinadas cuestións e non seguir nunha dirección errónea como o están facendo agora. Pero vostede sabe que é a realidade do que estou decindo? A min ao final me entristece porque a min gustaríame como lle dixen antes, irme a facer unha foto a unha grande obra que fixera o concello de Narónforon 10 millóns de euros máis algúns extraxudiciais.

Nós estamos aquí para axudar e buscar solucións, pero loxicamente coa correspondente seguridade de facer as cousas con criterios oficiais e coa regulamentación correspondente. E térannos ao seu lado para axudar. Pero teñen que deixarse axudar.

Nada máis e moitas grazas.

Sr.Romero Franco: ben, para rematar recordarlle que no último ano, 7 millóns executados en inversión. Sí que é certo que Narón non é un concello de grandes aeroportos nin de circuitos de fórmula 1, que despois non se utilizan e quedan aí, e tampouco somos de fotos, aínda que estabamos esperando nos gustaría unha foto dalgunta das inversións que a Xunta puidera facer no noso concello, pero por desgraza nos gustaría poñernos ese día o traxe e poder quitar, pero non temos esa oportunidade.

E por contestar así breve ao voceiro do partido socialista, alégrome que sexa así rápido estudiando, estudie cales son as liñas do seu partido porque creo que aínda non as ten moi claras. Non sei se o seu partido onde goberna quere unha cousa e aquí vostede pide outra, non sei, ao mellor é que ten que cambiar o partido e crear o partido Jorge Ulla. Que fago o que quero, cando quero e como me dá a gana.

Ben, sentímonos moi orgullosos de quenes somos. Si somos Terra Galega, sobre todo porque os grandes partidos estatais nos últimos anos fixeron que a figura do político se vira totalmente degradada. Por cada unha desas actuacións que estamos a ver nos medios de comunicación.

En Narón non deixa de ser alleo ese comportamento dos representantes políticos das dúas formas maioritarias no estado español.

Xa non sabemos se a esquerda é da dereita, se a dereita é da esquerda, se onde governa pedimos A e donde oposición pedimos B. Se somos a antítese do goberno ou imos xuntos da man co único fin de intentar paralizar, bloquear e non deixar evolucionar a unha gran cidade como é Narón.

Dende logo nós non somos así, mentres o pobo de Narón nos siga brindando a oportunidade seguiremos traballando incansablemente para converter a Narón nese orgullo de cidade que todos sentimos por dentro.

Antes de rematar e loxicamente volver a solicitar o voto a favor para estes orzamentos e quero agradecer a función de todos os funcionarios que tiveron que ver coa elaboración do expediente, agradecer o seu traballo e a súa profesionalidade e grazas loxicamente a eles tamén estamos no día de hoxe.

Moitas grazas a todos.

-Sra. Alcaldesa: a verdade que escoitar aquí neste Pleno determinadas cousas, neste caso, Germán a verdade que faime, faime... incluso que gracia, eh. É dicir, se temos vontade de chegar a acordos ou no, que falamos coa oposición e logo que no. E logo reconece que sí que falamos pero non lle gusta a maneira en que o facemos. Porque quería que fosemos asamblearios. Vostede cando gobernaba en Cabanas facía os orzamentos asamblearios? Ou pasa como lle pasou o outro día que o veciño que veu dixo: oh, oh, aquí me deixan falar pero estando vostede de alcalde no.

Paréceme que é algo similar. É dicir, que pregona aquí, pide aquí unhas cousas que logo non fai. É dicir, hai 2 meses que ten eses orzamentos, vostede fixo e teño aquí por escrito as peticións que fixo, porque evidentemente as estudiamos, evidentemente traballamos para que se había algunha delas que podíamos levar a cabo a levaríamos, e xa llo dixemos, llo dixo neste caso o voceiro de Terra Galega e llo dixen eu nunha reunión que tivemos, é dicir, faleille de cal era a situación, e lle dixen a inversión que vostede pide aquí está en torno aos 5 millóns de euros, máis ou menos.

Díxenlle que había unhas cousas que xa estaban encamiñadas, que había outras que pola situación económica que ten este concello, que non somos alleos a todas as subidas de prezos e todos os problemas despois da Covid 19 non somos alleos. E llo dixen, é dicir, numereille contratos, contratos de parques e xardíns que suben de media sin facer absolutamente nada, é dicir, contrato tal cual estaba, non fago as melloras, as cousas que pedimos a maiores, tal cual; é dicir, contrato de parques e xardíns, escolas infantís, axuda a domicilio, limpeza e aseo deportes, contrato de xestión de documentos, todo eso unha media de 200.000 euros cada contrato novo; subidas aos funcionarios, que ven determinada pola Lei de orzamentos do estado, temos que darlle cabida.

É dicir, todo eso, sen ningunha decisión política en torno a 2 millóns de euros máis. Sin facer nada, é dicir, sen querer poñer unha pedra máis. Sen querer poñer unha farola máis, o mesmo que anos anteriores.

Un dato que llo dixen noutras ocasións, non sei se sabe canto consumimos de gasto e electricidade nas instalacións eléctricas de todo o concello. Estamos falando que no ano 2020 consumimos 7,25 gigavatios de potencia. Eso tivo un custo en torno a 1.200.000 euros; do ano 2023 consumindo menos, é dicir, que se notou o aforro que fixemos, a inversión en led son 5,7 de consumo e o custo é 1.860.000 euros, e dicir, fágolle unha diferenza así: 660.000 euros máis.

Todo esto, lle explicamos, lle dixemos que estabamos nunha situación de aceptar esa cantidade que nos propoñía, 5.000.000 de euros poque non tiñamos capacidade económica. Porque esa é a realidade, por que sabes cal é a diferenza? Cando se goberna hai que priorizar e cando se está na oposición vale todo, se pode traer un documento de 5 millóns de euros, 15 ou 20 porque total non hai problema.

As cousas que lle dixemos que íamos a ter en conta, para vostede non valeu, era ou todo ou nada.

Fala de Cosma da súa auditoría, xa llo dixemos, adquirimos ese compromiso, evidentemente as contas de Cosma están auditadas todos os anos como ben decía Román, se pide esa auditoría que está a levar a cabo, está na Intervención Municipal, pero evidentemente non ten só eso, eh, estamos falando dun concello de 40.000 habitantes co que implica xestionar todo eso.

E outro dos traballos que asumiu e que van a levar a cabo pero ten o seu tempo. Esa subida que vostede fala débese a un servizo de depuración e saneamento en alta na que non depende de nós e



non xestionamos nós. Está afectado por un incremento de caudal, un incremento de verquido, un incremento de enerxía eléctrica, un incremento de costes, que a min me fai moita gracia, que noutros concellos escoitanse declaracións de alcaldes, e cito textualmente: *“fanse para manter o nivel dos servizos, fanse para garantir a mellora e sostenibilidade dos servizos públicos que se prestan no concello”*.

Estas declaracións son de alcaldes gobernados polo Partido Popular. Aí non pasa nada, aí sí que se pode elevar os impostos, aí si que se pode facer todo para manter un servizo e en Narón no. En Narón o que estamos a facer é derrochando, estamos blanqueando e estamos facendo unha serie de cousas e tal.....

Volvemos outra vez a onde gobernan din unha cousa e fan outra cando están na oposición.

Fala de execución do noso orzamento. Deulle o dato o noso portavoz, 7 millóns de euros en fase “O”, fase de factura aprobada no orzamento anterior. Hai concellos que estarían encantados de chegar á metade desa execución e é así, e así nolo din.

E logo vostede fala de que obras estamos encantados de ter. Podo enumerarlle unhas cantas eh, o que pasa é que probablemente as vai utilizar na miña contra. É dicir, hai tantísimas obras das que estamos satisfeitos.

E hai outra cousa mais, fala da piscina e intenta tergiversar: *“o 31 de tal... a empresa foise porque non ían a cobrar”*; non é verdade, e vostede o sabe. E nese momento se lle entregou a documentación, esa obra non estaba parada, logo a empresa por problemas propios pediu un prazo maior de execución que se lle concedeu porque solicitou tal.... Pero non quere dicir, absolutamente nada e non hai a día de hoxe ningún tipo de problema con esa obra.

Fala da área de Pedroso. E xa llo dixemos, por exemplo, por poñer algún exemplo, vostede que quere que amañemos un problema que ven causado por unha ríada, por unha subida do río cando aínda está a subida do río? Xa llo explicamos, é dicir, non podemos executar unha obra cando sabemos que probablemente volva a subir o río. É dicir, a partir de agora sí que porá en mantemento ben esa instalación para poder utilizarse en verano, pero como comprenderá non imos a tirar os fondos públicos facendo unha intervención quetal

E outras cousas que falaba. En tema de contenedores a verdade é que ás veces nos plantexamos se poñelos aéreos, pero a verdade é que non o conseguimos. Entonces teñen que ir colocados nalgún lugar e na estrada da Solaina tamén.

E ese proxecto é un proxecto que está moi traballado. Outra cousa é logo a empresa como executará, eso é outra cousa. Nese proxecto traballaron técnicos municipais, arquitectos externos, persoal neste caso de policía, persoal das empresas que traballan para o concello como pode ser a de xardinería, a de recollida de residuos sólidos urbanos, poñendo todas as pegas habidas e por haber para que logo se executase correctamente, cando estaba en fase de proxecto; é dicir, non é n proxecto que saiu así, eh. Logo hai outra serie de cousas que pode ser que a empresa non sexa a que mellor executou, pero para eso tamén está a dirección de obra para facer todo tal e como estaba no proxecto e se non é así facer a reclamación pertinente para que teña o seu custo para ela evidentemente.

Créame que si que estamos dipostos a chegar a acordos, créame. Pero teñen que poner un pouquiño da súa parte. E como ben decía, é dicir, traer a este Pleno unhas emendas cando na súa lista que nos presentou non aparecían, a verdade é que eso non axuda moito. E a verdade é que vai darlle igual o que eu lle diga porque vostede vaise quedar coa súa mantra, e vai repetir sistemáticamente o mesmo. Despois da reunión que tivo con él pasoume por escrito todo o que alí se fala e cando estivemos vostede e eu xuntos falamos e deso non aparecía aquí e o sabe.

E logo a vontade de ir de súa mán, manifesteillo varias veces, fíxome ofrecementos, fun da súa mán e os resultados que teño agora son ningún. Tamén é verdade.

E ao partido socialista, eu non lle vou a dicir nada.

Quería agradecer a abstención que anuncia o BNG, que faga unha oposición constructiva, que se poida chegar a acordos polo ben dos veciños e veciñas de Narón, e que deixen gobernar. Moitas grazas.

Este é un orzamento que ven a atender os intereses das veciñas e dos veciños de Narón, mantén as principais liñas de actuación, consolidando as prioridades na atención ás persoas e implantación de políticas de benestar social. Nese momento, me decía ou decía, e aquí si que fago referencia ao que decía Jorge Ulla, en que destinamos, cultura, servizos sociais, deportes, formación, algunha das nosas bandeiras. E como ben decía tamén políticas de benestar social.

A situación económica e social do país non é allea a este documento contable no que a prudencia marca os plans de futuro. Esa prudencia que lle decía, eses custos que non veñen determinados por políticas que fagamos ou no, senón que veñen impostos pola situación económica do país.

E unha ilusión que presentamos este orzamento para darlle cabida a todas as socilidades das veciñas e dos veciños do noso concello. E que as necesidades da nosa cidadanía queden cubertas.

Agradezo, e aínda que non votaron, que alguén máis polo menos, se absteña ou facilite que se leve a cabo este orzamento polo ben das veciñas e os veciños de Narón.

Pasamos a votar.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: En contra 6

BNG: Abstencións 3

PSdeG-PSOE: En contra 2

Moitas grazas a todas e a todos.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 10:29 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sra. alcaldesa comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4